

INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2015-2016

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 3 de outubro de 2017

DATOS DO TÍTULO	
Denominación do Título	Máster en Enxeñaría Informática
Centro/s onde se imparte o título	E. S. de Enxeñaría Informática
Resultado do proceso de seguimento	<input checked="" type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE (A) <input type="checkbox"/> CONFORME <input type="checkbox"/> NON CONFORME

Universidade de Vigo

Campus de Ourense

Escola Superior de
Enxeñaría
Informática

Campus de Ourense
32004 Ourense
España

Tel. 988 387 000
Fax 988 387 001

esei.uvigo.es
sdeuig@uvigo.es

Alegacións ao informe provisional de avaliación interna do título de Máster en Enxeñaría Informática do curso 2015/16

Recibido por parte do Coordinador de Calidade da Escola Superior de Enxeñaría Informática (ESEI) o informe provisional de avaliación interna dos títulos deste centro.

Remitido o informe correspondente ao título de Máster en Enxeñaría Informática ao coordinador de dito título, este elaborou unha proposta de alegacións a dito informe.

Reunida a Comisión de Calidade do centro o día 17 de xullo de 2017 foi debatida na mesma dita proposta e resultou aprobada por unanimidade a redacción que se anexa a este escrito.


Ourense, a 17 de xullo de 2017.

Vº B. O presidente de CGC

O secretario da CGC



Francisco J. Rodríguez Martínez



Arturo J. Méndez Penín

Universidade de Vigo

Campus de Ourense

Escola Superior de
Enxeñaría
Informática

Campus de Ourense
32004 Ourense
España

Tel. 988 387 000
Fax 988 387 001

esei.uvigo.es
sdeuig@uvigo.es

Alegacións ao informe provisional de avaliación interna do título de Máster en Enxeñaría Informática do curso 2015/16

Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Evidencia 2. Informe de coordinación

No informe indicase que non se atopa o rexistro "R1 DO 0201 PI Informe de Coordinación", e que tampouco atopan información sobre o mesmo na web da ESEI.

Dado que o Plan de Coordinación Docente do Máster en Enxeñaría Informática foi aprobado pola Xunta de Centro o 2 de xuño de 2015, o curso 2015-2016 foi o primeiro ano no que se elaborou o Informe de Coordinación.

Aínda que dito informe existe é certo que por erro non foi subido a plataforma Avalia. Si está dispoñible na web do centro, como xa está de feito o informe correspondente ao curso 2016/17. Para localizalo hai que premer no enlace "Estudios" e logo "Máster en Enxeñaría Informática". No menú da esquerda buscamos o enlace "Informes de coordinación" e finalmente no enlace "curso 2015-2016". O enlace directo é o seguinte:

http://www.esei.uvigo.es/fileadmin/docs/estudios/MEI_InformeCoordinacion2015_16.pdf

En canto a solicitude de subir dito informe á nova plataforma Avalia, non foi posible facelo pois nestes momentos está pechada a edición en dita plataforma. No momento en que esté aberta subirase o informe de coordinación de 2015-2016, e tamén os dos cursos seguintes.

Xustificación Xeral do Resultado:

Cumprimento do proxecto establecido:

Destaca como punto forte o Informe de revisión pola dirección, incluído no Sistema de Garantía de Calidade (SGC). Neste documento amósanse os principais indicadores, datos e resultados relativos ao título así como reflexións e accións de mellora asociados.

Na páxina web do Centro a información relativa ao título é clara, accesible e actualizada.

Por outra banda, constatouse que algunhas materia amosaban discrepancias entre as competencias incluídas na guía docente e as especificadas na memoria do título.

Non se atopou o seguinte rexistro do SGIC: R1 DO 0201 P1 Informe de Coordinación. Aínda que se encontra o procedemento asociado, a non existencia dos rexistros non permite coñecer o grao de aplicación do procedemento. De facerse públicos os rexistros, ou indicar o Título onde poden consultarse, podería revisarse a cualificación. Ao ter encontrado dous dos tres Documentos, modifícase a cualificación a B, coa recomendación [AS1] (que a suban á aplicación Avalía cada curso), e á aplicación do SGIC.

Plan de melloras do título:


Evidénciase que todas as accións de mellora do curso pasado teñen un seguimento. Ademais, as novas accións de mellora propostas son adecuadas para solucionar a maior parte dos problemas detectados no Informe de revisión pola dirección.

A elaboración do rexistro do SGIC: R1 DO 0201 P1 inclúese no Informe de revisión pola dirección como acción desenvolvida completamente e rexistrada na aplicación, aínda que non se atopou.

Plan de Promoción do Centro:

http://www.esei.uvigo.es/fileadmin/docs/calidad/sgic/procedimientos/Reorganizacion_procedimientos/DO-0202_P1_Anexo_1_030713_Plan_de_Promocion_ESEI.Gallego.pdf

Vigo, a 3 de outubro de 2017



Xosé María Gómez Clemente
Director da Área de Calidade

1. Valoración do cumprimento

Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input checked="" type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input checked="" type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input type="checkbox"/> C	

Resumo das Valoracións:

1 Organización e Desenvolvemento	B
2 Información e Transparencia	A
3 Sistema de Garantía de Calidade	A
4 Recursos Humanos	A
5 Recursos Materiais e Servizos	A
6 Resultados de Aprendizaxe	A
7 Indicadores de Satisfacción e Rendemento	A

Plan de Melloras

Desenvolvemento	B
Seguimento	A
Coherencia	A

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
1.- Guías docentes das materias. <i>Fonte: Docnet e Memoria da titulación</i>	<p>Comprobar que as guías docentes de 3 materias elixidas aleatoriamente teñen os campos de competencias, contidos e metodoloxía docente correctamente cumprimentados nas dúas linguas e valorar se a información é coherente coa memoria da titulación. (indicar neste campo las materias elixidas)</p> <p>Se houbo algún apartado sen información ou información incoherente, pódese comprobar ata 6 materias e verificar se é un erro sistemático ou puntual</p> <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Incumprimentos puntuais (non en todas as materias nin en todos os campos).</p> <p>Descrición da avaliación: <u>Recomendacións para a mellora:</u> Incumprimentos puntuais. Materias elixidas: <u>O06M132V01104 Sistemas de Información</u> Os campos de competencias, contidos e metodoloxía docente están correctamente cumprimentados nas dúas linguas. Valorar se a información é coherente coa memoria da titulación: Non hai coincidencia entre as competencias básicas e xerais nin entre as competencias transversais da guía docente e da memoria do título. Hai</p>

	<p>coincidencia nas competencias específicas. Contidos e metodoloxía coherentes coa memoria da titulación.</p> <p><u>O06M132V01205 Computación Distribuída e de Altas Prestacións</u> Os campos de competencias, contidos e metodoloxía docente están correctamente cumprimentados nas dúas linguas. Valorar se a información é coherente coa memoria da titulación: Non hai coincidencia entre as competencias básicas e xerais nin entre as competencias transversais da guía docente e da memoria do título. Hai coincidencia nas competencias específicas. Non hai coincidencia de contidos entre a guía docente e a memoria do título. Metodoloxía coherentes coa memoria da titulación.</p> <p><u>O06M132V01303 Integración de Sistemas e Redes</u> Os campos de competencias, contidos e metodoloxía docente están correctamente cumprimentados nas dúas linguas. Valorar se a información é coherente coa memoria da titulación: Non hai coincidencia entre as competencias básicas e xerais nin entre as competencias transversais da guía docente e da memoria do título. Hai coincidencia nas competencias específicas. Contidos e metodoloxía coherentes coa memoria da titulación.</p>
<p>2.- Informe de Coordinación Fonte: SGIC</p>	<p>Analizar no rexistro do SGIC “R1 DO 0201 P1 Informe de Coordinación” (Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0201 P1 Planificación y desarrollo de la enseñanza) os mecanismos de coordinación docente.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Non conformidade:</u> Non hai informe de coordinación <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai mecanismos incompletos de coordinación.</p> <p>Descrición da avaliación: <u>Recomendacións para a mellora:</u> Non se atopa informe de coordinación. Non hai rexistro do SGIC “R1 DO 0201 P1 Informe de Coordinación”. Na Web da Escola, atópase o informe de coordinación docente do grao, pero non do Máster en Enxeñaría Informática. Existe o procedemento DO-0201 Plan de Coordinación Docente Máster, pero non o rexistro correspondente. De existir, debe indicarse onde poder consultar o informe de coordinación do mestrado de 2015/16.</p>

1.1.1 Valoración do Criterio:

1 Organización e Desenvolvemento	B
---	----------

1.1.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Guías docentes das materias	Nalgunhas materias non hai coincidencia entre as competencias da guía docente e da memoria do título.	
Recomendacións para a mellora	Guías docentes das materias	Na materia O06M132V01205 Computación Distribuída e de Altas Prestacións non parece haber coincidencia de contidos entre a guía docente e a memoria do título.	
Non Conformidade Recomendacións para a mellora	Documentación do SGIC e Web do centro	Non se atopa o rexistro do SGIC "R1 DO 0201 P1 Informe de Coordinación". Constátase a existencia do procedemento, pero non o rexistro que deixara constancia da realización das reunións de coordinación. De incluírse na aplicación avalía, e na web do título, e poder consultalo, podería cambiar a cualificación, en función do contido e conclusións. Constátase a publicitación na web.	SI

1.1.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
<p>Dado que o Plan de Coordinación Docente do Máster en Enxeñaría Informática foi aprobado pola Xunta de Centro o 2 de xuño de 2015, o curso 2015-2016 foi o primeiro ano no que se elaborou o Informe de Coordinación.</p> <p>Aínda que dito informe existe é certo que por erro non foi subido a plataforma Avalía. Si está dispoñible na web do centro, como xa está de feito o informe correspondente ao curso 2016/17. Para localizalo hai que premer no enlace "Estudos" e logo "Máster en Enxeñaría Informática". No menú da esquerda buscamos o enlace "Informes de coordinación" e finalmente no enlace "curso 2015-2016". O enlace directo é o seguinte:</p> <p>http://www.esei.uvigo.es/fileadmin/docs/estudios/MEI_InformeCoodinacion2015_16.pdf</p> <p>En canto a solicitude de subir dito informe á nova plataforma Avalía, non foi posible facelo pois nestes momentos está pechada a edición en dita plataforma. No momento en que esté aberta subirase o informe de coordinación de 2015-2016, e tamén os dos cursos seguintes.</p>	<p>Modifícase a valoración <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Como se incluíu na web do título, e puido consultarse, cambia a cualificación, en función da utilidade dos contidos e conclusións para a mellora.</p> <p>Con todo, non se ten actualizado como evidencia de cumprimento na aplicación do SGIC, no curso 2015/16 (non a Avalía, que non estaba activa nese curso), que é onde inicialmente se pedía que estivera actualizado.</p> <p>Modifícase a valoración do criterio, de C a B.</p>

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

Evidencias	Descrición
3.-Páxina web da Universidade, centro ou título	<p>Valorar se a información pública destes apartados do título é útil, intuitiva e actualizada.</p> <ul style="list-style-type: none"> • TFG/TFM (normativa, comisións de avaliación, temáticas, convocatorias, etc.) • Horarios, aulas e calendarios de exames. • Manual, procedementos, política e obxectivos de calidade • Profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias nas que imparte docencia, breve CV, etc.) • Informe de revisión pola dirección <p>Suxestión de valoración Fortaleza: Información clara, accesible e actualizada.</p>
	<p>Descrición da avaliación: Fortaleza: As páxinas web da Universidade, Centro e Título son unha boa ferramenta de difusión. Presentan información suficiente e con boa relación entre elas.</p>

1.2.1 Valoración do Criterio:

2 Información e Transparencia **A**

1.2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Fortaleza	Páxina web da Universidade, centro ou título	As páxinas web da Universidade, Centro e Título son unha boa ferramenta de difusión. Presentan información suficiente e con boa relación entre elas.	

1.2.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	<p>Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
<p>4.- Actas do último curso da Comisión de Calidade: <i>Fonte:</i> <i>Evidencia 5 do Auto informe de Avalía</i></p>	<p>Comprobar nas actas que hai asuntos tratados na Comisión de calidade que xorden da implantación dos procedementos (por exemplo coordinación, orientación, practicas, promoción...).</p> <p>Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Evidenciase nas actas que os asuntos tratados na comisión xorden da implantación e son útiles para a mellora da calidade da titulación. <u>Fortaleza:</u> Evidénciase que os asuntos tratados na comisión tratan de forma integral o desenvolvemento do sistema de calidade e son útiles para a mellora da calidade.</p>
<p>5.- Documentación do SGIC <i>Fonte:</i> SGIC</p>	<p>Comprobar estes 2 rexistros de procedementos na aplicación para comprobar a implantación do SGC.</p> <ul style="list-style-type: none"> • R1 DO 0203 P1 Plan de acción tutorial (anual) <i>Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0203 P1 Planificación y desarrollo de la enseñanza</i> • R1 DO 0202 P1 Plan de Promoción do centro (anual) <i>Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0202 P1 Promoción de las titulaciones</i> <p>Suxestión de valoración <u>Non conformidade:</u> Faltan todos os procedementos actualizados ou non son correctos. <u>Recomendacións para a mellora:</u> Falta un procedemento actualizado e coa información apropiada <u>Fortaleza:</u> Están todos os procedementos actualizados e correctamente desenvolvidos</p> <p>Descrición da avaliación: <u>Fortaleza:</u> Os procedementos están actualizado e coa información apropiada. Por outra banda, recoméndase que esta documentación estea subida á aplicación do SGIC. Así mesmo bótase en falta unha análise da necesidade do Plan de Promoción cada curso, revisando, unha vez cumprido, os resultados obtidos, e a utilidade do Plan.</p>

1.3.1 Valoración do Criterio:

3 Sistema de Garantía de Calidade **A**

1.3.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Fortaleza	Actas do último curso da Comisión de Calidade	Evidénciase que os asuntos tratados na comisión tratan de forma integral o desenvolvemento do sistema de calidade e son útiles para a mellora da calidade. Nas actas que hai asuntos tratados na Comisión de calidade que xorden da implantación dos procedementos (por exemplo coordinación, orientación, practicas, promoción...)	
Recomendacións para a mellora	Documentación do SGIC e Web do centro	Referente ao rexistro R1 DO 0202 P1 Plan de Promoción do centro: En ningún caso se inclúen rexistros da análise da utilidade cada curso dese Plan xeral e permanente. O documento pode ter vixencia indefinida/permanente, pero debe analizarse a necesidade ou non do Plan de Promoción cada curso, e revisar, unha vez cumprido, os resultados obtidos, e a utilidade do Plan.	

1.3.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Evidencias:	Descrición
6.- Plan de Ordenación Docente <i>Fonte: Evidencia 15 do Auto informe de Avalía</i>	<p>Analizar na evidencia Nº15 do auto informe o número e a categoría do profesorado, e se o número de profesores por materia é razoable.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Categoría do profesorado e distribución de profesorado por materia óptimo.</p> <p>Descrición da avaliación: <u>Fortaleza:</u> O número e categoría de profesorado son razoables. O número de profesores por materia é razoable.</p>
7.- Resultados da EAD <i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i>	<p>Valorar a análise dos resultados asociados as enquisas de avaliación da docencia e no informe de revisión pola dirección</p> <p>Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Hai unha reflexión completa e resultados salientables.</p> <p>Descrición da avaliación: <u>Fortaleza:</u> Hai unha reflexión completa e resultados salientables. Na páxina 41 do Informe de revisión pola dirección analízase a evolución histórica da participación do estudiantado na realización das enquisas e inclúese unha valoración positiva ao feito do incremento da participación do alumnado nas enquisas do curso 2015/16. Na páxina 42 do Informe de revisión pola dirección faise unha valoración/reflexión positiva dos resultados da EAD acadados no Máster en Enxeñaría Informática.</p>

1.4.1 Valoración do Criterio:

4 Recursos Humanos **A**

1.4.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Fortaleza	Plan de Ordenación Docente	Considérase que o número de profesores por materia é razoable. A categoría do profesorado é acorde á titulación.	
Fortaleza	Resultados da EAD	No Informe de revisión pola dirección inclúense unha reflexión completa. Hai resultados salientables.	

1.4.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	<p>Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
8.- Enquisas de satisfacción cos recursos materiais e infraestruturas <i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i>	<p>Valorar a análise dos resultados asociados aos recursos materiais e infraestruturas no <u>informe de revisión pola dirección</u></p> <p>Suxestión de valoración Fortaleza: Hai unha reflexión completa.</p> <p>Descrición da avaliación: <u>Fortaleza:</u> Na páxina 39 do Informe de revisión pola dirección menciónanse resultados acadados. Hai unha reflexión dos resultados, que se valoran de forma positiva.</p>

1.5.1 Valoración do Criterio:

5 Recursos Materiais e Servizos **A**

1.5.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	Enquisas de satisfacción cos recursos materiais e infraestruturas	No informe de revisión pola dirección inclúense tanto resumo de resultados das enquisas como reflexión destes resultados acadados.

1.5.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	<p>Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p>

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

Evidencias:	
<p>9.- Listaxe de Traballos Fin de Grado/Mestrado</p> <p><i>Fonte: Evidencia 24 do Auto informe de Avalía</i></p>	<p>Comprobar que a distribución das cualificacións é razoable</p> <p>Suxestión de valoración Fortaleza: Hai unha distribución de cualificacións razoable.</p> <p>Descrición da avaliación: Fortaleza: Preséntase unha distribución razoable de cualificacións. Inclúese unha análise da evolución dos resultados acadados nos últimos cursos.</p>
<p>10.- Indicadores por materia</p> <p><i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar a análise dos indicadores por materia e resultados académicos por materia no <u>informe de revisión pola dirección</u></p> <p>Suxestión de valoración <u>Non conformidade:</u> non haber reflexión ou haber resultados moi deficientes <u>Recomendacións para a mellora:</u> Reflexión incompleta ou valores deficientes Fortaleza: Reflexión completa e valores salientables.</p> <p>Descrición da avaliación: Fortaleza: No Informe de revisión pola dirección inclúese unha análise dos indicadores por materia e resultados académicos por materia. Existe unha reflexión completa e valores salientables.</p>

1.6.1 Valoración do Criterio:

6 Resultados de Aprendizaxe A

1.6.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Fortaleza	Listaxe de Traballos Fin de Mestrado	Consultada a listaxe de TFM, constátase que hai unha distribución de cualificacións razoable.	
Fortaleza	Indicadores por materia	No Informe de revisión pola dirección inclúese unha análise dos indicadores por materia e resultados académicos por materia. Existe unha reflexión completa e valores salientables	

1.6.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO: Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Evidencias:	
11.- Enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i>	Valorar os resultados das diferentes enquisas de satisfacción no informe de revisión Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Reflexión completa e valores salientables.
	Descrición da avaliación: <u>Fortaleza:</u> Inclúese unha evolución histórica dos resultados acadados ao longo de diversos anos. Inclúese reflexión completa e valores salientables. Reflexións coherentes coas accións de mellora incluídas no informe de revisión pola dirección.
12.- Resultados asociados á política e obxectivos de calidade <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i>	Valorar os resultados dos indicadores asociados a política e obxectivos de calidade que integran o SGIC no <u>informe de revisión pola dirección</u> . Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Hai unha reflexión completa e os resultados acadan as metas asociadas
	Descrición da avaliación: <u>Fortaleza:</u> No informe de revisión pola dirección analízanse os resultados dos indicadores asociados a política e obxectivos de calidade que integran o SGIC.
13.- Resultados académicos globais <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i>	Valorar os resultados globais da titulación no informe de revisión pola dirección Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Reflexión completa e valores salientables.
	Descrición da avaliación: <u>Fortaleza:</u> Inclúese unha evolución histórica dos resultados acadados ao longo de diversos anos. Inclúese reflexión completa e valores salientables. Inclúese acordo de continuar coa realización de accións de mellora orientadas cara á análise de aspectos que podan afectar os resultados académicos.

1.7.1 Valoración do Criterio:

7 Indicadores de Satisfacción e Rendemento A

1.7.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Fortaleza	Enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese	Inclúese unha evolución histórica dos resultados acadados ao longo de diversos anos. Inclúese reflexión completa e valores salientables. Reflexións coherentes coas accións de mellora incluídas no informe de revisión pola dirección	
Fortaleza	Resultados asociados á política e obxectivos de calidade	No informe de revisión pola dirección analízanse os resultados dos indicadores asociados a política e obxectivos de calidade que integran o SGIC. Hai unha reflexión completa e os resultados acadan as metas asociadas	
Fortaleza	Resultados académicos globais	No informe de revisión pola dirección analízanse os resultados globais do Máster en Enxeñaría Informática. Os resultados son coherentes co grao de dificultade da titulación. Inclúense acordos de accións de mellora.	

1.7.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

2. Plan de Melloras do Título

Resultado:

<input checked="" type="checkbox"/> Conforme excelente	<input type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input checked="" type="checkbox"/> A	<input type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input type="checkbox"/> C	

2.1 Xustificación da Valoración

Valoraranse as accións desenvolvidas, o seguimento das accións dos cursos anteriores e a coherencia entre estas accións e os resultados do título, así como as accións levadas a cabo para dar resposta ás recomendación para a mellora establecidas nos distintos informes de avaliación externa.

Cuestións	Descrición
1.- Desenvolvemento Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	<p>Ver no epígrafe “1. Valoración do cumprimento” o número e a importancia dos puntos febles atopados. Indicar exemplos máis salientables no caso que os houberse</p> <ul style="list-style-type: none"> • Exemplo 1... • Exemplo 2... <p>Suxestión de valoración <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai algúns puntos febles atopados que non teñen accións de mellora asociada.</p> <p>Descrición da avaliación: <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai algúns puntos febles atopados que non teñen accións de mellora asociada . Algúns dos puntos febles detectados dan lugar a acción de mellora, como é o caso da elaboración completa e coherente das guías docentes das materias. Este punto está considerado na seguinte acción de mellora atopada no Informe de revisión pola dirección: "Mejorar la estructuración de las guías docentes". Por outra banda, hai puntos febles non mencionados entre as accións de mellora, como é o caso da elaboración do informe de coordinación do Máster ou a actualización do plan de promoción do centro.</p>
2.- Seguimento As accións de mellora que xurdiron o curso pasado desenvolvéronse de forma axeitada	<p>Valorar o grado de cumprimento e os resultados acadados das accións de mellora do curso pasado. Valorarase de xeito especial aquelas que xurdiran de procesos de avaliación externa.</p> <p>Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> Evidenciase que todas as accións de mellora do curso pasado teñen un seguimento.</p> <p>Descrición da avaliación: <u>Fortaleza:</u> Evidenciase que todas as accións de mellora do curso pasado teñen un seguimento: Existe un rexistro no que consta o estado / nivel de cumprimento das accións de mellora, resultados obtidos, grao de satisfacción e accións correctivas a desenvolver.</p>

<p>3.- Coherencia As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?</p>	<p>Analizar se os puntos febles pódense solucionar a partir das accións de mellora.</p> <p>Analizar se as actuacións a desenvolver xorden das accións de mellora</p> <p>Analizar se os prazos e responsables son os axeitados para levar a cabo as accións de mellora</p> <p>Indicar exemplos máis salientables no caso que os houberse</p> <ul style="list-style-type: none"> • Exemplo 1... • Exemplo 2... <p>Suxestión de valoración <u>Fortaleza:</u> As accións de mellora son adecuadas para solucionar os problemas de xeito salientable.</p>
	<p>Descrición da avaliación: <u>Fortaleza:</u> As accións de mellora son adecuadas para solucionar a maior parte dos problemas de xeito salientable, e teñen seguimento e valoración.</p>

2.1 Valoración do Criterio:

Desenvolvemento	B
Seguimento	A
Coherencia	A

2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Informe de revisión pola dirección (IRD), SGIC e Web do centro	No informe de revisión pola dirección figuran como accións desenvolvidas completamente e rexistradas na aplicación a elaboración de rexistros como <ul style="list-style-type: none"> • R1 DO 0201 P1 Informe de Coordinación • R1 DO 0202 P1 Plan de Promoción do centro • R1 DO 0203 P1 Plan de acción tutorial Estes rexistros non están dispoñibles no SGIC.	
Recomendacións para a mellora	IRD, SGIC e Web do centro	Atópanse puntos febles (como por exemplo a non coincidencia entre competencias e contidos entre a guía docente e a memoria do título no caso de algunhas materias) que non da lugar a accións de mellora.	
Fortaleza	IRD, SGIC e Web do centro	Evidenciase que todas as accións de mellora do curso pasado teñen un seguimento.	
Fortaleza	IRD, SGIC e Web do centro	As accións de mellora son adecuadas para solucionar a maior parte dos problemas de xeito salientable.	

2.3 Alegacións do Plan de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: